



2025/SUBCC/000011

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 18.08.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INICIACIÓN DEPORTIVA DURANTE A TEMPADA 2025/2026 (ESCOLAS DEPORTIVAS DE PROMOCIÓN MUNICIPAL 2025/2026). 2025/SUBCC/000011.

I. ANTECEDENTES:

1.- A Concelleira da área de promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía, por providencia de data 18/07/2025, dispuxo o inicio do expediente para a aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2025/2026 (Escolas Deportivas de Promoción Municipal 2025/2026).

2.- En cumprimento da dita providencia, o servizo de deportes redactou un proxecto de bases e convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2025/2026 (Escolas Deportivas de Promoción Municipal 2025/2026), e recolleu nestas os criterios determinados pola concellaría responsable. Incorporouse ao expediente informe do servizo xestor e, consonte co artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 e base 50 das de execución do orzamento, memoria económica relativa ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3.- O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade informa de conformidade o expediente. En relación a anualidade vixente, sinala a existencia de crédito adecuado e suficiente e efectúa a retención de crédito, con número de operación contable 12025000043469, na partida orzamentaria 05-3410-489.02 por importe de 62.500,00 €. No que respecta a anualidade posterior, a súa execución se subordina a existencia de crédito no respectivo orzamento, o que deberá ser tido en conta na súa elaboración polo que, en previsión, se realiza a operación contable RCFUT 12025000043472 por importe de 187.500,00.-€.

4.- A Intervención Xeral Municipal fiscalizou o expediente de conformidade o 13.08.25.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (en adiante OXS), son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

2.- Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as materias de promoción do deporte e de ocupación do tempo libre e a execución de programas propios destinados á xuventude.

Por outra banda, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar, ou





fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial.

Débese ter en conta tamén o disposto no artigo 43 da Constitución de 1978, cando estipula que: "Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio"

3.- As bases reguladoras para o outorgamento das subvencións recollen o contido mínimo esixido no artigo 17.3 da LXS e no artigo 9 da OXS do Concello, regulando o procedemento para a concesión de axudas recollido nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal de aplicación.

Asemade, as bases regulan o réxime de xustificación das subvencións propostas, mediante o procedemento de conta xustificativa simplificada previsto no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, e a base 43 das de execución do orzamento xeral, debendo acreditar os beneficiarios das axudas que non teñen débedas tributarias coa facenda estatal, autonómica nin local nin coa seguridade social.

4.- Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento nas subvencións en concorrència competitiva correspóndelle á Xunta de Goberno Local, ao superar a contía da convocatoria o importe de 12.020,24 €.

Á vista dos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión orzamentaria e contabilidade e informado o expediente pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta a súa aprobación á proposta asinada pola xefatura do servizo de Deportes e pola concelleira de goberno delegada da área de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía en data 14.08.2025 (3U1LVXOP6IUQA7AU) e, en consecuencia acorda:

Primeiro.- Aprobación da convocatoria pública para a concesión de subvencións, polo procedemento de concorrència competitiva, para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2025/2026 (Escolas Deportivas de Promoción Municipal 2025/2026).

O importe das subvencións concedidas poderá chegar ata o 100% do custo das actividades subvencionadas por tratarse de actividades de grande interese público orientadas a promoción e iniciación no deporte entre a poboación en idade escolar e entre grupos de poboación que teñen especialmente limitado o seu acceso ao deporte.

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe de 62.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05-3410-489.02 e operación contable 12025000043469 do exercicio vixente sinalada polo Órgano de xestión orzamentaria e contabilidade.

Terceiro.- A execución da presente convocatoria queda subordinada a existencia de crédito por importe de 187.500,00 € no orzamento correspondente ao ano 2026.

Cuarto.- Aprobación das bases da convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para o desenvolvemento de actividades de iniciación deportiva durante a tempada 2025/2026 (Escolas Deportivas de Promoción Municipal 2025/2026) segundo o documento con CSV VZJEXSIYRP5A2P0C que consta no expediente.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

